



MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A SUSCRIPCIÓN DUNHA ADDENDA PARA A PRÓRROGA DO CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E ASOCIACION DE EMPRESARIOS GALEGOS DE CATALUÑA (AEGA-CAT) PARA O FOMENTO DA COOPERACION ENTRE EMPRESARIOS DE ORIXE GALEGO DE CATALUÑA E EMPRESARIOS GALEGOS DE GALICIA

Primeiro.- Antecedentes

O 13 de marzo de 2025 o Instituto Galego de Promoción Económica (IgaPe) e a Asociación de Empresarios Galegos de Cataluña (AEGA-CAT) subscribiron un convenio de colaboración co obxecto de fomentar a cooperación entre empresarios galegos de Galicia e empresarios de orixe galego residentes en Cataluña, promovendo a detección de oportunidades de negocio, o establecemento de alianzas empresariais, tecnolóxicas e profesionais, así como o impulso de investimentos individuais ou conxuntos en Galicia. O convenio establecía unha vixencia ata o 30 de decembro de 2025, prevendo expresamente a posibilidade dunha prórroga dun ano adicional, ata o 30 de decembro de 2026, previo acordo das partes.

Con data 28 de outubro de 2025, AEGA-CAT presentou formalmente ante o IgaPe a súa solicitude de prórroga da vixencia do convenio, ao abeiro do previsto na cláusula oitava. Tras a recepción da solicitude, o IgaPe manifestou o seu interese en dar continuidade á colaboración, considerando o valor institucional, económico e relacional das accións impulsadas pola entidade.

Segundo.- Necesidade e oportunidade da prórroga do convenio

A prórroga do convenio resulta necesaria para asegurar a continuidade das actuacións iniciadas no ano 2025, as cales teñen carácter anual e requiren estabilidade temporal para producir resultados efectivos. AEGA-CAT, como única entidade que agrupa o empresariado galego en Cataluña, desenvolve actividades continuadas —encontros empresariais, eventos institucionais, publicacións, accións sectoriais e iniciativas de cooperación— que non poden executarse plenamente nun único exercicio.

A prórroga é tamén a opción máis oportuna desde o punto de vista administrativo. A tramitación dun convenio ex novo suporía un período prolongado sen marco habilitante para realizar actividades, o que causaría unha interrupción prexudicial na programación anual e na continuidade das relacións empresariais e institucionais creadas. A prórroga permite evitar ese baleiro, manter o ritmo anual das actuacións e consolidar os avances logrados durante 2025, asegurando a eficacia das políticas de promoción económica e cooperación empresarial entre Galicia e Cataluña.



Terceiro.- Xustificación da utilización da figura do convenio

A utilización da figura do convenio resulta plenamente xustificada ao tratarse dun instrumento de colaboración entre dúas entidades que comparten intereses e obxectivos comúns, sen que exista unha prestación subordinada de servizos nin unha contraprestación de natureza contractual. O Igape non encarga a AEGA-CAT a realización dun servizo sometido a contratación pública, senón que ambas partes achegan capacidades, coñecementos e recursos para acadar un fin de interese público compartido: o fomento das relacións económicas, profesionais e institucionais entre Galicia e o empresariado galego radicado en Cataluña.

AEGA-CAT actúa como entidade colaboradora, sen ánimo de lucro, contribuíndo coa súa estrutura, implantación territorial e capacidade de convocatoria á execución das actividades previstas, mentres que o Igape contribúe co financiamento parcial das mesmas para garantir a súa viabilidade. Non existe unha relación sinalagmática nin unha obriga de resultado típica dun contrato, senón un compromiso mutuo de cooperación para favorecer accións de interese xeral no ámbito económico e empresarial.

Por tanto, a natureza das actuacións, o réxime de colaboración entre as partes e a ausencia de prestación contractual ou contraprestación directa determinan que o instrumento adecuado sexa o convenio, consonte o disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, e no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Polo exposto, xustifícase a imposibilidade de promover a concorrência pública, que coincide con vantaxes e sinerxías así como a axeitada dinámica e axilidade para o IGAPE ao manter unha relación colaborativa fluída, eficiente e sinérxica cun só actor.

Cuarto.- Obxecto e contido

O obxecto da presente addenda é prorrogar por un ano adicional, ata o 30 de decembro de 2026, a vixencia do convenio subscrito o 13 de marzo de 2025 entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e a Asociación de Empresarios Galegos de Cataluña (AEGA-CAT), co fin de continuar impulsando a cooperación entre empresarios galegos de Galicia e empresarios de orixe galego radicados en Cataluña.

A addenda modifica os aspectos necesarios para facer efectiva a prórroga, en particular a cláusula relativa á vixencia e o calendario de xustificación, así como o anexo de accións previstas para o novo período, mantendo inalterado o resto do clausulado do convenio inicial. As actuacións recollidas para o ano 2026 —encontros empresariais periódicos, encontros sectoriais, publicación da revista *Feitos*, actividades culturais e institucionais, evento anual dos Títulos de Excelencia Galega, desenvolvemento de ferramentas dixitais e o encontro Xunta-Igape— configuran o contido material desta colaboración, que se mantén dentro da mesma estrutura, finalidade e natureza de cooperación establecida no instrumento orixinal.



Quinto.- Financiamento

O orzamento total estimado para a anualidade 2026 será de trinta mil catrocentos euros (30.4000,00 €) IVE non engadido.

O Igape financiará a contía de vinte mil euros (20.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1.741A.640.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2026.

A AEGACAT achegará dezoito mil euros (18.000,00 €) cos que cofinanciará as actividades recollidas no anexo I da adenda

A subdirectora de Internacionalización

Laura González-Dopeso Portela